



PARLAMENTO  
DE GALICIA

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 19/12/2017**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

2. Mocións.....	3
2.1 10/MOC-000061 (0021265).....	3
(0021265) Entrada da iniciativa.....	4
(0021623) Emendas dos grupos parlamentarios .....	6
2.2 10/MOC-000062 (0021271).....	8
(0021271) Entrada da iniciativa.....	9
(0021621) Emendas dos grupos parlamentarios .....	14
(0021632) Emendas dos grupos parlamentarios .....	16
2.3 10/MOC-000063 (0021304).....	20
(0021304) Entrada da iniciativa.....	21
(0021622) Emendas dos grupos parlamentarios .....	24
3. Proposicións non de lei ante o pleno.....	26
3.1 10/PNP-001290 (0017087).....	26
(0017087) Entrada da iniciativa.....	27
(0021618) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	31
(0021627) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	35
(0021637) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	38
3.3 10/PNP-001541 (0020696).....	40
(0020696) Entrada da iniciativa.....	41
(0021628) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	44
(0021636) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	46
3.4 10/PNP-001552 (0020810).....	48
(0020810) Entrada da iniciativa.....	49
(0021619) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	52
(0021625) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	54
3.5 10/PNP-001563 (0020917).....	56
(0020917) Entrada da iniciativa.....	57
(0021633) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	62
3.6 10/PNP-001566 (0020958).....	64
(0020958) Entrada da iniciativa.....	65
(0021620) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	68
(0021630) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	70
3.7 10/PNP-001567 (0020971).....	72
(0020971) Entrada da iniciativa.....	73
(0021634) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	77
3.8 10/PNP-001570 (0021008).....	79
(0021008) Entrada da iniciativa.....	80
(0021635) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	85



## **2. MOCIÓN.**


### **2.1 10/MOC-000061 (0021265)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 20233, publicada no BOPG nº 215, do 22.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)

(0021265) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 4 de decembro de 2017, sobre a política do Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza (doc. núm. 20233).

Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de Xustiza de Galicia, abrindo un período de diálogo permanente, nos seguintes termos:

1º) Mellorando a retribucións dos traballadores da Administración de Xustiza coa media do resto de Comunidades Autónomas, especialmente no complemento autonómico transitorio.

2º) Consolidando as prazas que responden a necesidades estruturais, especialmente as de máis de 3 anos.

3º) Repoñendo todas as prazas que foron amortizadas.

4º) Acadando o 100 % das retribucións que se perciben no momento en que se produce unha situación de incapacidade temporal, ata chegar á equiparación coas establecidas para xuíces, fiscais e letrados da Administración de Xustiza.

5º) E abonando o 100 % das retribucións nos casos de substitucións dun corpo superior.

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017



---

Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/12/2017 12:36:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/12/2017 12:36:52**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



## (0021623) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2017 17:13**  
**Nº Rexistro: 21623**  
Data envío: 18/12/2017 17:13:12.716

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Jacobo Moreira Ferro**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **21265(10/MOC-000061)**, Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 20233, publicada no BOPG nº 215, do 22.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)

### Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de Xustiza de Galicia, abrindo un período de diálogo permanente, nos seguintes termos:

1º) Mellorando as retribucións dos traballadores da Administración de Xustiza coa media do resto de Comunidades Autónomas, especialmente no complemento autonómico transitorio.

2º) Consolidando as prazas que responden a necesidades estruturais, especialmente as de máis de 3 anos.

3º) Repoñendo as prazas que foron amortizadas naqueles supostos e ámbitos de especial afectación.

4º) Negociar e acadar un acordo para que non exista discriminación no ámbito xudicial con outros corpos de funcionarios ou autoridades, no tratamento das situacións de incapacidade temporal.

5º) E abonando o 100 % das retribucións nos casos de substitucións dun corpo superior instando a reforma da lexislación estatal.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 17:13  
Nº Rexistro: 21623  
Data envío: 18/12/2017 17:13:12.716

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/12/2017 17:10:06**

**Jacobo Moreira Ferro na data 18/12/2017 17:10:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## **2.2 10/MOC-000062 (0021271)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 20052, publicada no BOPG nº 211, do 15.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)





(0021271) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: **07/12/2017 16:52**  
**Nº Rexistro: 21271**  
Data envío: 07/12/2017 16:52:03.827

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 5 de decembro, sobre o funcionamento da AP-9 (doc. núm. **20052, [10/INT-000661]**).

#### Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Apoiar o recurso de amparo presentado polo BNG ante o Tribunal Constitucional polo veto do Congreso á tramitación da Lei de transferencia da AP 9, por considerar que este veto vulnera o dereito de deputados e deputadas de xeito individual e como grupo parlamentario a exercer a representación do pobo galego en condicións de igualdade.

2. Demandar do Goberno do Estado a non aplicación da suba do 3.1 % das peaxes no ano 2018, así como a renegociación dos convenios asinados con AUDASA polo Ministerio de Fomento nos anos 2011 e 2012.

3. Demandar do Goberno do Estado que acorde coa concesionaria da AP 9 o establecemento de medidas para o abaratamento das peaxes, como existen noutras autoestradas de titularidade estatal, e que contemple entre outras as seguintes situacións: bonificacións por percorrido completo, por número de viaxes ao mes, por quilómetros percorridos. A maiores, a Xunta de Galiza e o Ministerio de Fomento establecerán



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/12/2017 16:52**  
**Nº Rexistro: 21271**  
 Data envío: 07/12/2017 16:52:03.827

bonificacións para o transporte de mercadorías no caso de que se estableza a obriga de circulación por autoestrada.

4. Solicitar ao Ministerio de Fomento a adopción das seguintes medidas para a mellora da calidade do servizo que presta a concesionaria:

4.1. Incremento do cadro de persoal, con especial atención ao que atende as cabinas de pagamento.

4.2. Incremento dos investimentos en materia de conservación e alumeadado.

4.3. Aprobación dun protocolo de actuación en caso de retencións que estableza o levantamento das barreiras cando se formen colas de máis de 1 km

4.4. Apertura dun expediente sancionador polas retencións que se produciron o pasado 27 de outubro de 2017 na Ponte de Rande debido á falta de planificación e previsión da concesionaria.

4.5. Realización dunha auditoría global sobre a mala calidade do servizo e dun informe sobre as reclamacións presentadas polas persoas usuarias.

5. Instar ao Goberno do Estado a facer as modificacións legislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% no IBI.

6. Esixirlle ao Ministerio de Fomento e á concesionaria a realización no ano 2018 dun plan de actuación para compensar o impacto negativo das obras da ampliación da ponte de Rande nas parroquias de Trasmañó e Chapela, que contemple as seguintes actuacións:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/12/2017 16:52**  
**Nº Rexistro: 21271**  
 Data envío: 07/12/2017 16:52:03.827



OFICINA  
 PARLAMENTAR  
 DE GALICIA  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

6.1. Reposición de bens e servizos e ampliación da ponte de acceso á parroquia de Trasmañó, garantindo as condicións de seguridade e accesibilidade para vehículos e peóns.

6.2. Desenvolvemento do Plan Chapela de actuación integral para a mellora da calidade de vida e a minimización do impacto das infraestruturas viarias nesta parroquia, coas seguintes actuacións:

- Aprobación dun proxecto para a transformación da estrada N 552 nunha rúa urbanizada, primando nela a seguranza viaria, a accesibilidade, a mobilidade e permeabilidade peonil.
- Axilización dos trámites para a construción do novo centro escolar da Igrexa, de xeito que estea rematado para o inicio do curso 2018-2019.
- Suspensión da apertura do carril de acceso á AP 9 en dirección Rande mentres non se faga o traslado do colexio.
- Aprobación do proxecto para a construción dunha escola infantil nos terreos do lugar de Cidadelle onde está prevista a construción do novo colexio da Igrexa.
- Mantemento do servizo de correos na ubicación actual mentres non sexa posíbel o seu traslado a outro local na parroquia.
- Aprobación do proxecto de construción dun novo vial entre a Pousadoura e As 4 Pontes, para mellorar a mobilidade nesta zona da parroquia.
- Recuperación de regatos contaminados ou afectados polas obras, así como elementos do patrimonio etnográfico, e estudar a creación de sendas peonís para conectar os núcleos e equipamentos públicos da parroquia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/12/2017 16:52**  
**Nº Rexistro: 21271**  
 Data envío: 07/12/2017 16:52:03.827



OFICINA  
 PARLAMENTAR  
 DE GALICIA  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

- Acondicionamento dos espazos públicos de centralidade parroquial como o comprendido entre a autoestrada e a igrexa parroquial e entre o camiño da Igrexa e o camiño do Piñeirál.

- Urbanización de espazos libres derivados das obras de ampliación da autoestrada

- Corrección do impacto dos grandes muros de formigón conforme as recomendacións da Guía de estudos de impacto e integración paisaxística.

- Acondicionamento do camiño que dá acceso ao multiusos e ampliación até Pasán

- Reposición do firme e mellora de todos os viais afectados polas obras.

7. Demandar ao Ministerio de Fomento e á concesionaria a realización no primeiro semestre de 2018 das obras de corrección da contaminación acústica da AP 9 ao seu paso polas parroquias de Chapela e Teis.

8. Reclamar do Ministerio de Fomento que se faga efectiva en 2018 a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, para liberar de tráfico pesado e de paso os núcleos urbanos de Chapela e Teis.

9. Elaborar, en colaboración cos concellos de Redondela e Vigo e co Ministerio de Fomento, un estudo sobre a transformación en vía urbana do acceso pola AP 9 a Vigo desde as Torres de Padín.

10. Elaborar un estudo no ano 2018, coa colaboración do sistema universitario galego, que contemple entre outras as seguintes cuestións:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/12/2017 16:52  
Nº Rexistro: 21271  
Data envío: 07/12/2017 16:52:03.827

- Beneficios xerados pola autoestrada AP 9 para o Estado e para a concesionaria desde o inicio da concesión até o ano 2017.
- Medidas para corrixir o impacto negativo desta infraestrutura na súa contorna.
- Análise dos custos económicos que tería a transferencia da AP a Galiza e o rescate da concesión.”

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2017

Asdo. **Luis Bará Torres**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Belén Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/12/2017 16:51:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/12/2017 16:51:42**



(0021621) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 16:59  
Nº Rexistro: 21621  
Data envío: 18/12/2017 16:59:00.581

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **21271 [10/MOC-000062]**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 19 de decembro de 2017.

**Emenda de substitución**

Substituír o punto 2 polo seguinte texto:

“2. Demandar do Goberno do Estado a non autorización da suba anunciada do 3,81% das peaxes no ano 2018, así como a renegociación dos convenios asinados con AUDASA en 2011 e 2013.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 16:59  
Nº Rexistro: 21621  
Data envío: 18/12/2017 16:59:00.581

**Asinado dixitalmente por:**


**Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2017 16:58:41**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2017 16:58:46**

(0021632) Emendas dos grupos parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/12/2017 18:02  
**Nº Rexistro: 21632**  
Data envío: 18/12/2017 18:02:36.262



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9 (10/MOC-000062, documento número 21271)

**Emenda de supresión do punto 1**

Débase suprimir o punto 1 da parte resolutiva da moción.

**Emenda de modificación do punto 2**

Débase modificar a seguinte expresión no punto 2 da moción:

Onde di: "...a non aplicación da suba do 3.1 % das peaxes no ano 2018, ..." debe dicir: "...a non aplicación da suba do 3.8 % das peaxes no ano 2018, ..."

**Emenda de modificación do punto 4**

Débase modificar a seguinte expresión no punto 4 da moción:


Onde di: "4. Solicitar ao Ministerio de Fomento a adopción das seguintes medidas..." debe dicir: "4. Solicitar ao Ministerio de Fomento a adopción pola empresa concesionaria das seguintes medidas..."

**Emenda de modificación do punto 6**

Débase modificar a seguinte expresión no punto 6 da moción:

Onde di: "6. Esixirlle ao Ministerio de Fomento e á empresa concesionaria a realización..." debe dicir: "6. Esixirlle ao Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, e a concesionaria a realización..."



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Emenda de modificación no punto 6

Débese modificar no punto 6 da moción a seguinte expresión

Onde di: “...que contemple as seguintes actuacións...” debe dicir:  
“...que contemple, no ámbito das competencias de cada administración,  
as seguintes...”

### Emenda de adición do punto 8

Débese engadir ao final do punto 8 a seguinte expresión:

Engadir *in fine*: “...de Chapela e Teis, sen repercusión no aumento das  
tarifas.”

### Emenda de modificación do punto 9

Débese modificar o punto 9 da parte resolutive da moción que quedará  
redactado co seguinte contido:

“9. Desenvolver, de forma urxente, as actuacións para a conversión en  
tramo urbano do traxecto da autoestrada AP-9 que vai dende o nu de  
conexión da avenida de Bos Aires a rúa Alfonso XIII, coa posibilidade  
de efectuar a circulación en ambos sentidos, realizando os accesos  
necesarios á AP-9 dende Teis.”

### Emenda de adición


Débese engadir un novo punto na parte resolutive da moción que  
quedará redactado co seguinte contido:

“10 bis. A demandar do Goberno de España que asuma o custo polos  
investimentos realizados nos últimos anos, tal como a construción de  
novos carrís no tramo de circunvalación de Santiago de Compostela e  
no tramo Vilaboa – Teis, coa ampliación da ponte de Rande; e  
consecuentemente deixe sen efecto o aumento extraordinario que se  
aplicará ás tarifas no futuro como compensación das inversións nestas  
obras.”



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/12/2017 18:02  
**Nº Registro: 21632**  
 Data envío: 18/12/2017 18:02:36.262



 Grupo Parlamentario

### Emenda de adición

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

“10 ter. Instar ao Goberno de España a levar a cabo a rebaixa da liña de afección da AP-9 na parroquia de Chapela ao mínimo legalmente posible.”

### Emenda de adición

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

“10 quater. Instar a Xunta de Galicia a revertir os terreos actuais do Colexio Igrexa ao Concello de Redondela unha vez este sexa trasladado á súa nova situación.”

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2017


Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo. Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 18:02  
Nº Rexistro: 21632  
Data envío: 18/12/2017 18:02:36.262



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/12/2017 18:01:39**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/12/2017 18:01:45**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



### **2.3 10/MOC-000063 (0021304)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 15066, publicada no BOPG n.º 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)



(0021304) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 15066 (10/INT-000544)** debatida na sesión plenaria do 5 de decembro de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación co dereito a unha vivenda digna.

#### **MOCIÓN:**

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Incrementar substancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopen en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.
- Establecer un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os Decretos 253/2007 de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.



- Demandar do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza , nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.
- Incrementar os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e a mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes á función de Vivenda.
- Extender o censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.
- Esixir ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI naqueles concellos que así o acorden.
- Demandar do Goberno español a iniciativa lexislativa para a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.
- Desenvolver un novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia que garanta o realoxo.
- Defender nas alegacións ao Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 a priorización da creación dun parque público de aluguer social significativo, a elaboración de mecanismos de regulación do mercado de aluguer, a utilización das vivendas da SAREB para a creación de dito parque, mecanismos para a posta en disposición



para aluguer social das vivendas das entidades financeiras, e e o incremento do orzamento para estas partidas.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 11/12/2017 13:21:41**



(0021622) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/12/2017 16:59  
**Nº Rexistro: 21622**  
Data envío: 18/12/2017 16:59:38.612

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **21304 [10/MOC-000063]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 19 de decembro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir ao final os seguintes puntos:

“- Reformular o Programa de Vivendas Baleiras e desenvolver políticas de mobilización de vivendas baleiras mediante incentivos positivos.

- Poñer en marcha o Observatorio Galego de Vivenda, entendido como un órgano de participación, estudo, formulación de propostas, seguimento e avaliación das políticas públicas de vivenda en Galiza.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2017 16:59**  
**Nº Rexistro: 21622**  
Data envío: 18/12/2017 16:59:38.612

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2017 11:25:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2017 11:25:46**



### 3. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

#### 3.1 10/PNP-001290 (0017087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela



(0017087) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/09/2017 17:17  
Nº Rexistro: 17087  
Data envío: 20/09/2017 17:17:27.563

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

A consecuencia da súa cercanía a Vigo, a parroquia de Chapela, no concello de Redondela ven sufrindo dende fai moito tempo os inconvenientes derivados da súa situación xeográfica, a resultas da cal viuse afectada por un importante número de infraestruturas de comunicación, imprescindibles para o desenvolvemento económico, industrial e social da cidade olívica.

A pesares desta circunstancia, Chapela nunca resultou beneficiaria das xustas contraprestacións que deberían corresponder a súa veciñanza, en atención a súa contribución ao desenvolvemento de toda a comarca.

Mais ao contrario, no ano 2006, o Presidente Emilio Pérez Touriño e a Ministra de Fomento Magdalena Álvarez acordaron a supresión do pago de peaxe para os usuarios da AP-9 entre o Morrazo e Vigo, nunhas condicións que supoñían unha inxustificada agresión á comarca de Redondela, e nomeadamente á parroquia de Chapela.

A modalidade elixida no ano 2006 para levar a cabo esta medida foi a asunción polas administracións públicas das compensacións económicas a mercantil Audasa, para eximir aos usuarios da AP-9, do pago da peaxe no tramo comprendido entre a península do Morrazo e a cidade de Vigo.

Este modelo de exención, comunmente denominado "peaxe na sombra", garantía a gratuidade de todos os usuarios deste tramo con unha única excepción: aqueles que entrasen ou saísen do mesmo en Redondela. En consecuencia, calquera actividade económica desenvolvida en Chapela perdía competitividade respecto aos seus competidores mais cercanos, exentos dun gravamen, que se mantiña de maneira única e excepcional para a peaxe de Rande.

Aquela discriminación aldraxante, viuse agravada no ano 2011, cando o Ministro de Fomento, José Blanco acordou, entre outras, as obras de ampliación da Ponte de Rande, así como a ampliación de Ap-9 ao seu paso por Chapela, sen incluír ningunha medida paliativa na parroquia, engadindo así maior penosidade as condicións de vida

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/09/2017 17:17  
Nº Rexistro: 17087  
Data envío: 20/09/2017 17:17:27.563

dos veciños desta poboación, ao tempo que se mantíña a situación discriminatoria respecto ao Concello de Redondela.

Recentemente, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento acordaron a creación dunha Comisión Mixta para a xestión da AP-9, na que se están a abordar distintas medidas para mellorar a xestión desta infraestrutura de titularidade estatal.

O Grupo Parlamentario Popular entende que a xenerosidade amosada polos veciños de Chapela, merece a adopción de distintas medidas, e fundamentalmente das acordadas pola concesionaria co Concello de Redondela e os representantes dos afectados no marco da *Comisión Especial de seguemento das obras da Ampliación da AP-9* creada no Concello de Redondela, para rematar coa inxusta situación que veñen sufrindo, contribuíndo á mellorar da calidade de vida e a competitividade neste territorio.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para:

1. Formular, na vindeira sesión da Comisión Mixta para a xestión da AP-9, posibles fórmulas para suprimir a peaxe de Rande en condicións de uso equiparables ao tramo da AP-9 comprendido entre Vigo e o Morrazo.
2. Demandar ao Ministerio de Fomento que analice a viabilidade da apertura da saída coñecida como Torres de Padín, situada na parroquia de Chapela, no termo municipal de Redondela.
3. A axilizar a reclasificación urbanística como solo dotacional do terreno denominado “finca da Ginaria”, onde se ubicará o novo centro escolar Igrexa, a fin de dar comenzo a súa construción no prazo legal mais breve posible.
4. A ratificar o compromiso de construción dunha escola infantil nos terreos denominados “finca da Ginaria”, unha vez completada a correspondente reclasificación urbanística por parte do Concello de Redondela.
5. Dirixirse ao Ministerio de Fomento e a Autopistas del Atlántico S.A. para que, no marco das obras de ampliación da capacidade da AP-9 que se están a realizar na entrada de Vigo, a concesionaria proceda a cumprir co seu compromiso de instalar pantallas antirruído naqueles puntos onde sexa necesario de acordo á normativa vixente, e adopte medidas paliativas que minimicen o impacto da autoestrada e melloren a compatibilidade desta infraestrutura coa contorna construída e co día a día dos veciños.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 20/09/2017 17:17  
**Nº Rexistro: 17087**  
 Data envío: 20/09/2017 17:17:27.563

6. Demandar ao Ministerio de fomento a urbanización da Avenida de Redondela (N-552) garantindo as condicións de seguridade vial, accesibilidade, e mellora da mobilidade peonil.
7. Demandar ao Goberno de España as medidas necesarias para garantir o mantemento ininterrompido do servizo de correos en Chapela, facilitando o traslado das actuais instalacións a outra ubicación na parroquia e permitindo a materialización dos acordos alcanzados entre o concello de Redondela e Audasa para a mellora da mobilidade no Camiño da Igrexa.
8. A dirixirse ao Ministerio de Fomento para que demande da concesionaria AUDASA o tratamento do tramo da AP-9 que transcurre por Chapela como tramo urbano, establecendo os correspondente protocolos de alumeado e mantemento de conformidade coa antedita condición.
9. A demandar da concesionaria Audasa o cumprimento dos acordos alcanzados co Concello de Redondela e cos representantes veciñais no seno da *Comisión Especial de Seguemento das obras de ampliación da AP-9* creada no Concello de Redondela para a mellora de Chapela e Rande en materia de dotacións, accesos e posta en valor do patrimonio cultural e histórico da contorna.
10. A trasladar ao Ministerio de Fomento e a concesionaria AUDASA o seu apoio a solicitude realizada polo Concello de Redondela e o tecido asociativo de Chapela de acompañamento da apertura do novo carril ao seu paso polo colexio da Igrexa, ao traslado do alumnado ao novo colexio a ubicar na "finca da Ginaria".

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/09/2017 17:14:33**

**Alberto Pazos Couñago na data 20/09/2017 17:15:16**

**Jaime Castiñeira Broz na data 20/09/2017 17:15:29**

**Martín Fernández Prado na data 20/09/2017 17:15:36**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/09/2017 17:17  
Nº Rexistro: 17087  
Data envío: 20/09/2017 17:17:27.563

**Jacobo Moreira Ferro na data 20/09/2017 17:15:47**

**Marta Novoa Iglesias na data 20/09/2017 17:16:01**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 20/09/2017 17:16:10**

**Gonzalo Trenor López na data 20/09/2017 17:16:17**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 20/09/2017 17:16:26**



## (0021618) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2017 16:56**  
**Nº Rexistro: 21618**  
 Data envío: 18/12/2017 16:56:23.705

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **17087 [10/PNP-001290]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 19 de decembro de 2017.

#### Emenda de substitución

Substituír o punto 1 polo seguinte texto:

“Reclamar do Ministerio de Fomento que se faga efectiva en 2018 a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, para liberar de tráfico pesado e de paso os núcleos urbanos de Chapela e Teis.”

#### Emenda de adición

Engadir no punto 2 o seguinte texto:

“Elaborar, en colaboración cos concellos de Redondela e Vigo e co Ministerio de Fomento, un estudo sobre a transformación en vía urbana do acceso pola AP 9 a Vigo desde as Torres de Padín.”



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/12/2017 16:56  
**Nº Rexistro: 21618**  
 Data envío: 18/12/2017 16:56:23.705



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

#### **Emenda de adición**

Engadir no punto 5 o seguinte texto:

“Demandar que esta actuación se execute no primeiro semestre de 2018.”

#### **Emenda de adición**

Engadir despois do punto 10 os seguintes puntos:

“11. Demandar do goberno do Estado a non aplicación da suba do 3.81 % das peaxes no ano 2018, así como a renegociación dos convenios asinados con AUDASA polo Ministerio de Fomento nos anos 2011 e 2012. Solicitar que non se reciban as obras de ampliación da Ponte de Rande en tanto non se executen as obras de mellora comprometidas nas parroquias de Trasmañó e Chapela.

12. Esixirle ao Ministerio de Fomento e á concesionaria a realización no ano 2018 dun plan de actuación para compensar o impacto negativo das obras da ampliación da ponte de Rande nas parroquias de Trasmañó e Chapela:

- Reposición de bens e servizos e ampliación da ponte de acceso á parroquia de Trasmañó, garantindo as condicións de seguridade e accesibilidade para vehículos e peóns.

- Desenvolvemento do Plan Chapela de actuación integral para a mellora da calidade de vida e a minimización do impacto das infraestruturas viarias nesta parroquia, coas seguintes actuacións





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2017 16:56**  
**Nº Rexistro: 21618**  
 Data envío: 18/12/2017 16:56:23.705



REGISTRADO  
 Nº 177041212  
 04/2005  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

- Aprobación dun proxecto para a transformación da estrada N 552 nunha rúa urbanizada, primando nela a seguranza viaria, a accesibilidade, a mobilidade e permeabilidade peonil.
- Axilización dos trámites para a construción do novo centro escolar da Igrexa, de xeito que estea rematado para o inicio do curso 2018-2019.
- Suspensión da apertura do carril de acceso á AP 9 en dirección Rande mentres non se faga o traslado do colexio.
- Aprobación do proxecto para a construción dunha escola infantil nos terreos do lugar de Cidadelle onde está prevista a construción do novo colexio da Igrexa.
- Mantemento do servizo de correos na ubicación actual mentres non sexa posíbel o seu traslado a outro local na parroquia.
- Aprobación do proxecto de construción dun novo vial entre a Pousadoura e As 4 Pontes, para mellorar a mobilidade nesta zona da parroquia.
- Recuperación de regatos contaminados ou afectados polas obras, así como elementos do patrimonio etnográfico, e estudar a creación de sendas peonis para conectar os núcleos e equipamentos públicos da parroquia
- Acondicionamento dos espazos públicos de centralidade parroquial como o comprendido entre a autoestrada e a igrexa parroquial e entre o camiño da Igrexa e o camiño do Piñeiral.
- Urbanización de espazos libres derivados das obras de ampliación da autoestrada



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 16:56  
Nº Rexistro: 21618  
Data envío: 18/12/2017 16:56:23.705

- Corrección do impacto dos grandes muros de formigón conforme as recomendacións da Guía de estudos de impacto e integración paisaxística.

- Acondicionamento do camiño que dá acceso ao multiusos e ampliación até Pasán

- Reposición do firme e mellora de todos os viais afectados polas obras.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2017 11:40:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2017 11:40:34**

(0021627) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 18/12/2017 17:36  
 Nº Rexistro: 21627  
 Data envío: 18/12/2017 17:36:06.783



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela (10/PNP-001290, documento número 17087)

**Emenda de modificación do punto 2**

Débase modificar o punto 2 da parte resolutive da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:


“2. Demandar ao Ministerio de Fomento que analice a viabilidade da apertura de saída, xa construída, coñecida como Torres de Padín, situada na parroquia de Teis, no termo municipal de Vigo.”

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo punto na parte resolutive da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“10 bis. A demandar do Goberno de España que asuma o custo polos investimentos realizados nos últimos anos, tal como a construción de novos carrís no tramo de circunvalación de Santiago de Compostela e no tramo Vilaboa – Teis, ca ampliación da ponte de Rande; e consecuentemente deixe sen efecto o aumento extraordinario que se aplicará as tarifas no futuro como compensación das inversións nestas obras.”



 Grupo Parlamentario

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutive da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“10 ter. Instar ao Goberno de España a levar a cabo a rebaixa da liña de afección da AP-9 na parroquia de Chapela ao mínimo legalmente posible.”

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutive da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“10 quater. Instar a Xunta de Galicia a revertir os terreos actuais do Colexio Igrexa ao Concello de Redondela unha vez este sexa trasladado á súa nova situación.”

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutive da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“10 quintus. Esixir a empresa concesionaria a realización das melloras necesarias para garantir un futuro acceso a parroquia de Trasmañó, coas condicións de seguridade viaria e comodidade adecuadas; construíndo unha nova ponte que una a estrada N-552 e a parroquia de Trasmañó sobre a autoestrada AP-9.”

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 17:36  
Nº Registro: 21627  
Data envío: 18/12/2017 17:36:06.783



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/12/2017 17:33:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/12/2017 17:33:09**



## (0021637) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 17087**, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela, incluída na orde do día da sesión plenaria do 19 de decembro de 2017. (10/PNP-001290).

### **Emenda nº 1 de substitución**

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

“1.- Esixir do Ministerio de Fomento que durante o 2018 se leve á práctica a eliminación da peaxe entre Redondela e Vigo, en ambos sentidos, co obxectivo de liberar de tráfico pesado este tramo da estrada nacional e permitir a igualdade de trato á veciñanza afectada.”

### **Emenda nº 2 de Adición**

Débense engadir, ao final da parte resolutiva os seguintes puntos:

“11.- Que estableza un calendario inmediato de elaboración destas reivindicacións.



12.- Dirixirse ao Goberno central para demandar os compromisos orzamentarios necesarios para a realización das actuacións recollidas na presente proposta que son da súa competencia.

13.- A inmediata elaboración dun plan especial de seguimento da seguridade e saúde das obras de ampliación da AP-9, con especial incidencia sobre as xornadas de traballo, os traballos de especial risco e a subcontratación “

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 18/12/2017 18:22:23**

**Luis Villares Naveira na data 18/12/2017 18:22:34**



### 3.3 10/PNP-001541 (0020696)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados





(0020696) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/11/2017 12:55**  
**Nº Rexistro: 20696**  
Data envío: 24/11/2017 12:55:14.548

### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

A Ostmía é unha técnica que comunica o intestino a través da parede abdominal co exterior mediante un dispositivo ou bolsa de recolección, denominado dispositivo de ostmía dixestiva.

En España existen 70.000 pacientes ostomizados, a nivel autonómico contabilízanse 5.000, e cada ano xéranse 15.000 novos casos, segundo os datos da Sociedade Española de Enfermería Experta en Estomaterapia.

O estoma supón para o paciente un forte impacto emocional porque repercute na súa imaxe persoal, na vida laboral, social, familiar e na propia capacidade funcional. Por iso, resulta esencial a prestación dunha atención continuada no tempo por parte dos distintos profesionais para que así os pacientes poidan afianzar o seu espazo na sociedade e fortalecer a formación e información entre profesionais, cuidadores e pacientes.

Asociacións de pacientes como a Asociación Socio Sanitaria Educativa Inflamatoria Intestinal (ASEII) e a Asociación de Enfermos de Crohn e de Colite Ulcerosa de Galicia (ACCU) fixeron chegar as súas inquiredanzas e necesidades ás nosas autoridades

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 24/11/2017 12:55  
**Nº Registro: 20696**  
 Data envío: 24/11/2017 12:55:14.548

sanitarias, e froito desta colaboración Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en poñer a disposición destes pacientes baños adaptados, que dan resposta ao que necesitan para poder baleirar as súas bolsas sen complicacións, con seguridade e hixiene.

O Hospital Montecelo de Pontevedra conta, dende o mes de febreiro, co primeiro aseo adaptado para estes pacientes, e na actualidade xa ten tamén un segundo aseo destas características.

Este proxecto foi impulsado polo Servizo Galego de Saúde e o seu prototipo foi deseñado polo propio persoal de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra. Tamén, a Asociación Socio Sanitaria Educativa Inflamatoria Intestinal (ASEII) tivo un papel determinante, realizando aportacións para que o modelo de aseo se adaptase da mellor maneira posible ás necesidades dos pacientes.

De xeito progresivo, estes aseos adaptados foron incorporándose nos distintos centros hospitalarios.

Conscientes da importancia que para a saúde e benestar destas persoas pode ter unha iniciativa como esta, e convencidos da súa viabilidade, o Grupo Parlamentario Popular, presenta esta proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dotar de modo progresivo de aseos adaptados para pacientes ostomizados en todos os edificios da Xunta de Galicia, e a que desde o goberno autonómico de Galicia se fomente que no resto de infraestruturas tanto públicas como privadas se poidan dispoñer deste tipo de baños.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2017 12:55  
Nº Rexistro: 20696  
Data envío: 24/11/2017 12:55:14.548

- 2.- Solicitar ao Goberno de España que realice as actuacións normativas que procedan para incorporar ao Código Técnico da Edificación a obriga de dotar aos edificios públicos de baños adaptados para estes pacientes.”

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/11/2017 12:48:14**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/11/2017 12:48:23**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 24/11/2017 12:48:29**

**María Ángeles García Míguez na data 24/11/2017 12:48:36**

**Marta Rodríguez Arias na data 24/11/2017 12:48:43**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/11/2017 12:48:51**

**María Soraya Salorio Porral na data 24/11/2017 12:49:00**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/11/2017 12:49:07**

**Raquel Arias Rodríguez na data 24/11/2017 12:49:14**


**Sandra Vázquez Domínguez na data 24/11/2017 12:49:24**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

(0021628) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/12/2017 17:36  
**Nº Rexistro: 21628**  
Data envío: 18/12/2017 17:36:28.006



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados (10/PNP-001541, documento número 20696).

**Emenda de adición**

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 bis.- Instar ao Goberno de España a que dote, de modo progresivo, de aseos adaptados para pacientes ostomizados en todos os edificios da súa titularidade en Galicia.”

**Emenda de adición**

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 ter.- Realizar un informe sobre a situación dos pacientes ostomizados en Galicia, que faga referencia ao número, distribución por EOXI, etimoloxía e perspectivas futuras.”



 Grupo Parlamentario

### Emenda de adición

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 quater.- Comprometer o cumprimento dos obxectivos marcados durante o ano 2018.”

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 18/12/2017 17:33:55**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/12/2017 17:34:01**

(0021636) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a través da súa deputada, **Eva Solla Fernández**, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei a debate en Pleno **10/PNP 001541(20696)**, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados.

**Emenda de Engádega**

Débense engadir ao final da parte resolutiva dous novos puntos:

3.- Orzamentar e executar as obras necesarias nos centros de Atención Primaria e Atención Especializada do SERGAS para que sexan accesibles.

4.- Orzamentar e executar as obras necesarias para que a totalidade de dependencias tanto de Atención Primaria como Atención Especializada contén con baños, incluídas as habitacións de hospitalización.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 18/12/2017 18:16:54**

**Luis Villares Naveira na data 18/12/2017 18:17:03**



### **3.4 10/PNP-001552 (0020810)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García  
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública





(0020810) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Ministerio de Fomento vén de autorizar unha suba extraordinaria das peaxes para o ano 2018 a AUDASA, na AP-9, dun 3,1% durante os próximos 3 anos.

En febreiro de 2017 AUDASA presentaba un recurso contencioso-administrativo contra a Orde de tarifas do Ministerio de Fomento de 23 de decembro de 2016, por, segundo a empresa, non contemplar nela a procedente actualización extraordinaria de tarifas á que se refire o convenio aprobado por Real Decreto 104/2013, de 18 de febreiro. A Orde de Fomento traducíase nunha rebaixa dun 0,37% nas peaxes na AP9 para 2017.

Descoñecemos si o anuncio de Fomento vén derivado dun acordo extraxudicial coa empresa e descoñecemos en base a que cálculo se fixa esa suba por riba do IPC. O certo é que a AP-9 segue a ser un exemplo da privatización dos beneficios e socialización das perdas practicada polo Partido Popular, neste caso, en beneficio de AUDASA.

A AP-9 segue a estar na cabeza das reclamacións dos usuarios, á cola en empregados por km, e á cabeza en beneficios que se converten en reparto millonario de dividendos.



No ano 2016 AUDASA repartiu 45 millóns de euros de dividendos, practicamente 1 de cada 3 euros do que recada por peaxes.

Incluso, coa lixeirísima rebaixa decretada para 2017, no primeiro trimestre a cifra de negocio medrou un 3,5%, o resultado de explotación un 8% e o beneficio líquido un 11,9%.

Un negocio redondo á conta de galegos e galegas.

Con estes datos a suba que se propón é un insulto á cidadanía e é por iso que queremos coñecer cal está a ser a actuación do Goberno galego diante desta decisión.

Diante desta situación de espectaculares beneficios a costa de que os usuarios e usuarias paguen cada vez máis por un servizo deficiente, resúltanos estraño que a Xunta de Galicia se negue a facer un estudo sobre a viabilidade do rescate da AP-9 para o público, xa que cando menos intúese marxe para que ese rescate sexa unha boa operación para o interese xeral e deixe de ser un enorme negocio só para AUDASA.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Esixir ao Goberno español a deixar sen efecto o acordo con AUDASA de subida de tarifas nas peaxes da AP9 para o ano 2018 e os dous seguintes.
- 2) Que no prazo de 3 meses elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/11/2017 17:42  
Nº Rexistro: 20810  
Data envío: 27/11/2017 17:42:42.998



Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Voceiro S. do G.P. de En Marea

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 27/11/2017 17:41:24**

**Marcos Cal Ogando na data 27/11/2017 17:41:30**



## (0021619) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: **18/12/2017 16:57**  
**Nº Rexistro: 21619**  
Data envío: 18/12/2017 16:57:19.746

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **20810 [10/PNP-001552]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública, incluída na orde do día da sesión plenaria ordinaria convocada para o vindeiro 19 de decembro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir un novo punto que sería o terceiro co seguinte texto:

“3) Demandar ao goberno do Estado a transferencia a Galiza da AP-9, para dar cumprimento aos acordos unánimes do Parlamento galego.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 16:57  
Nº Rexistro: 21619  
Data envío: 18/12/2017 16:57:19.746

**Asinado dixitalmente por:**


**Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2017 14:14:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2017 14:14:38**

(0021625) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/12/2017 17:35  
**Nº Rexistro: 21625**  
Data envío: 18/12/2017 17:35:20.521



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública (10/PNP-001552, documento número 20810)

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:


“2 *bis*) Recupere a redución das tarifas suprimida polo Real decreto-lei 20/2012, establecendo unha compensación que a Administración Xeral do Estado liquidaría ás sociedades concesionarias de autopistas de peaxe pola perda de ingresos.”

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 *ter*) Asuma con cargo ao seu orzamentos as obras de ampliación da capacidade da AP-9 recollidas no Protocolo asinado pola ministra Ana Pastor con Audasa o 26 de decembro de 2012, evitando así a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018.”



 Grupo Parlamentario

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 *quater*) Garanta un tratamento favorable ás persoas usuarias profesionais que utilizan a infraestrutura.”

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/12/2017 17:31:25**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



### **3.5 10/PNP-001563 (0020917)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avéspera velutina en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie





(0020917) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/11/2017 10:01  
**Nº Rexistro: 20917**  
Data envío: 29/11/2017 10:01:37.329

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As especies exóticas son vexetais, animais, fungos e microorganismos que son transportados salvando obstáculos ecolóxicos e que se establecen en zonas situadas fóra da súa área de distribución natural. Algunhas poden resultar invasoras, (como sucede coa Vespa Velutina), e difúndense rapidamente polo medio natural desprazando especies autóctonas competidoras.

O nivel de expansión acadado este ano 2017 e a presión que está a exercer sobre o equilibrio natural e medioambiental superan con creces tódalas predicións.

Somos conscientes de que aínda segue en período de expansión e adaptación ós diferentes microclimas e espazos naturais do territorio galego. A desaparición ou a acusada redución nas poboacións de polinizadores que depreda a Vespa Velutina, mesmo a diminución de moscas e outros insectos van dándonos-la medida do perigo que supón para o equilibrio medioambiental e para as producións agrícolas que serven de base na nosa alimentación.



REGISTRADO  
 Nº 272041212  
 04/02/05  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/11/2017 10:01**  
**Nº Rexistro: 20917**  
Data envío: 29/11/2017 10:01:37.329

A medida que pasa o tempo, o tártago de patas amarelas continúa coa súa expansión xeográfica e coa súa intensificación poboacional e presión sobre o medio e a Consellería non toma a iniciativa claramente para atalla-lo problema. Parece que cun ...”temos de aprender a convivir con ela”... resume as medidas que está disposta a tomar.

Desde a Plataforma STOP—VELUTINA—GALICIA trasládansenos unha serie de inxedanzas e propostas de medidas que facemos nosas polo acaídas e polo que de coñecemento do problema amosan.

Soamente desde a sensibilización e participación de toda a cidadanía imos ser quen de darlle traza a esta ameaza.

O combate principal sitúase na primavera, no trampeo masivo feito no momento idóneo. Masivo e intensivo en todo o territorio. Idóneo porque vai se-lo capricho meteorolóxico quen marque o momento apropiado para facelo.

Debería ser feito polas consellerías competentes na materia e consistiría na entrega dunhas 50.000 trampas cos seus atraíntes e non só ós apicultores, incluíría tamén ós concellos e ós colexios. Esta nova distribución é fundamental para que o trampeo sexa masivo e efectivo.

Este trampeo require un seguimento que obriga como mínimo a unhas seis visitas a cada unha das trampas ó longo do ano, unha de colocación e cinco de reposición, levando un control de resultados e de cada unha das accións efectuadas.

A segunda medida precisa na loita contra esta especie invasora parte do coñecemento da especie, o seu comportamento neste noso territorio e as súas



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/11/2017 10:01**  
**Nº Rexistro: 20917**  
 Data envío: 29/11/2017 10:01:37.329



REGISTRADO  
 Nº 177044212P  
 04/02/05  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

debilidades para podermos chegar a métodos de loita biolóxica, a única que nos pode garantir o éxito sen danos ambientais.

Para este labor vai ser necesario unifica-la actividade investigadora e financeira. As investigacións provenientes de organismos públicos contan coa avantaxe que supón a ausencia de lucro económico como obxectivo, o cal é en si unha garantía.

O goberno galego por medio das consellerías implicadas na xestión desta invasión ten o deber de poñer os medios necesarios para dete-lo avance deste tártago na consciencia que só son medibles a longo prazo. Esta actividade investigadora é fundamental se queremos establecer un plan de loita estable aplicable a longo prazo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

-Impulsar, financiar e coordinar unha campaña primaveral de trampeo masivo coa distribución de 50.000 trampas cos seus 300.000 atraíntes por todo o territorio galego onde a Vespa Velutina teña presenza.

-Dar a maior difusión posible a esta campaña de trampeo para que cidadanía en xeral e os equipos encargados do mesmo e do seu control sexan conscientes da importancia deste labor.

-Abrir liñas de investigación encamiñadas a estuda-lo comportamento deste insecto invasor no noso territorio, os seus mecanismos de adaptación e supervivencia e



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/11/2017 10:01**  
**Nº Rexistro: 20917**  
 Data envío: 29/11/2017 10:01:37.329



REGISTRADO  
 Nº 17704/2012  
 29/12/2012  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

as posibles debilidades que permitan establecer mecanismos de loita biolóxica que sexan respectuosos co medio ambiente.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2017 19:13:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2017 19:13:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2017 19:13:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2017 19:13:41**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/11/2017 10:01**  
**Nº Rexistro: 20917**  
Data envío: 29/11/2017 10:01:37.329



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2017 19:13:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2017 19:13:50**



## (0021633) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/12/2017 18:05  
**Nº Rexistro: 21633**  
 Data envío: 18/12/2017 18:05:28.630

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada, **Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalistas Galego **20917(10/PNP-001563)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avéspera velutina en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie.

### Emenda de Substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Seguir incidindo en 2018 nas medidas contra a Vespa Velutina tanto no que respecta ás labores de trampeo, aínda que sempre circunscritas ás recomendacións dos técnicos en base aos resultados das investigacións e estudos que se efectúen ao respecto; como na información que se traslada á cidadanía sobre esta especie invasora; a formación ofertada ao persoal implicado no control e na erradicación da praga e a investigación que sobre esta especie se está a levar a cabo.
- 2) Convocar unha reunión da Comisión de Seguemento coa participación, tal como acordou coas asociacións a Xunta no mes de xullo, da Xunta, Fegamp, sector apícola e investigadores.
- 3) Dirixirse ás Deputacións provinciais para convidalas a sumarse á loita que se está a desenvolver contra a Vespa Velutina para dende a coordinación de todas as administracións afectadas e os colectivos facer un fronte común que permita optimizar os recursos e as accións a implementar”.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

### Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 18:05  
**Nº Rexistro: 21633**  
Data envío: 18/12/2017 18:05:28.630

**Pedro Puy Fraga na data 18/12/2017 18:02:34**

**Raquel Arias Rodríguez na data 18/12/2017 18:02:50**



### **3.6 10/PNP-001566 (0020958)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Xoaquín María Fernández Leiceaga

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Raúl Fernández Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López


Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto



(0020958) Entrada da iniciativa


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 29/11/2017 16:49  
**Nº Rexistro: 20958**  
Data envío: 29/11/2017 16:49:42.172



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Raúl Fernández Fernández** e das deputadas **Patricia Vilán Lorenzo** e **María Luisa Pierres López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

A eficiencia das infraestruturas e a loxística é un factor relevante para a competitividade dos territorios e, polo tanto, para atracción das empresas cos mesmos e a capacidade de competir eficazmente das xa existentes.


A combinación dos nodos ferroviarios e marítimos produce un sistema de transporte de mercadorías máis sostible, e, en determinadas circunstancias, máis eficiente.

Galicia e, en xeral, o Noroeste da Península Ibérica, arrastra unha notable desvantaxe no acceso a este modo combinado de transporte, o que afecta á súa prosperidade económica actual e futura.

Para favorecer a conectividade co resto da península e, máis aló, co resto de Europa, cumpre redefinir o Corredor Atlántico de Mercadorías, dentro da rede europea TEN-T, de xeito conxunto con outras comunidades autónomas españolas.

En concreto, utilizar a revisión en 2018 da regulación do mecanismo CEF (Connecting European Facility; Mecanismo Conectar Europa) para definir os trazados da rede básica, incorporando a conexión entre os portos galegos e asturianos co actual trazado do corredor.



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender a integración da conexión ferroviaria para o transporte de mercancías entre os portos galegos de interese xeral e na rede europea TEN-T, redeseñando o trazado do Corredor Atlántico de mercadorías (rede básica).
2. Demandar do Goberno de España a defender nas instancias europeas a redefinición da rede básica para incluír a conexión ferroviaria dos portos co Corredor Atlántico, vía Monforte, León e Palencia.
3. Procurar a colaboración doutras comunidades autónomas, concellos e deputacións provinciais afectadas para facer avanzar esta proposta.
4. Establecer o ano 2018 como referencia para acadar este obxectivo.
5. Trasladar esta demanda á Comisión Europea, ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017


Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Raúl Fernández Fernández  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/11/2017 16:49  
**Nº Registro: 20958**  
Data envío: 29/11/2017 16:49:42.172



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2017 16:43:51**

**Raúl Fernández Fernández na data 29/11/2017 16:43:59**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 29/11/2017 16:44:07**

**María Luisa Pierres López na data 29/11/2017 16:44:12**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## (0021620) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 16:58  
Nº Rexistro: 21620  
Data envío: 18/12/2017 16:58:06.051

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **20958 [10/PNP-001566]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto, incluída na orde do día da sesión plenaria ordinaria convocada para o vindeiro 19 de decembro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

“6. Amosar o rexeitamento polo novo agravio a Galiza que supón a exclusión do noso país da rede básica da Rede TransEuropea de Transportes e do programa de investimentos para o período 2021-2027.

7. Instar á Xunta de Galiza a

- Trasladar ao goberno do Estado a disconformidade con esta decisión.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 16:58  
Nº Rexistro: 21620  
Data envío: 18/12/2017 16:58:06.051

- Impulsar unha plataforma institucional e social en defensa do transporte ferroviario de mercadorías e da inclusión de Galiza na rede básica transeuropea.

- Demandar do goberno do Estado a revisión da decisión adoptado e en consecuencia reclamarlle que promova negociacións ao máis alto nivel para a inclusión do Corredor Noroeste na Rede Básica da Rede Transeuropea de Transportes para o período 2021-2027.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/12/2017 11:44:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2017 11:44:12**

## (0021630) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 17:59  
Nº Rexistro: 21630  
Data envío: 18/12/2017 17:59:13.755

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **20958 (10/PNP-001566)**, Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Continuar defendendo a redefinición do Corredor Atlántico, de maneira que incorpore e priorice a conexión ferroviaria do seu actual trazado español cos portos marítimos de Vigo e A Coruña, a través de Palencia, León e Monforte.

2.- Continuar defendendo ante o Goberno de España que demande nas instancias europeas esta redefinición do Corredor Atlántico de mercadorías.

3.- Continuar impulsando a colaboración con outras comunidades autónomas, concellos e deputacións provinciais para facer avanzar esta proposta.

4.- Demandar do Goberno de España que esta redefinición se leve a cabo na primeira revisión dos corredores que se realice dende a Comisión Europea.

5.- Demandar do Goberno de España que se dea traslado desta demanda á Comisión Europea, ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións; en todas as novas negociacións para a modificación dos Corredores.

6.- Dar traslado deste acordo aos Gobernos e Parlamentos Autonómicos de Asturias e Castela-León, para continuar avanzando na fronte común iniciada coa declaración institucional conxunta de apoio e impulso á modificación do Corredor Atlántico asinada polos tres gobernos autonómicos en Santiago de Compostela na data de 9 de outubro de 2017”.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 17:59  
Nº Rexistro: 21630  
Data envío: 18/12/2017 17:59:13.755

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/12/2017 17:57:02**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 18/12/2017 17:57:19**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



### **3.7 10/PNP-001567 (0020971)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Antonio Quiroga  
Díaz

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo contra a avéspera velutina, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento



(0020971) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da “apis mellifera”, a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se vén desbordados por esta continxencia, e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primavera de 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin reduciu o número de reinas procreadoras como viña



Grupo Parlamentario

sucedendo nos derradeiros anos polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Por estas razóns é imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

a) O trampeo masivo deberá comezar no mes de febreiro, a máis tardar, cando as temperaturas aumenten e débese comezar polas zonas máis cálidas da comunidade autónoma e ir avanzando progresivamente cara ao resto de Galicia.

b) A potenciación da investigación é imprescindible, tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.


c) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados nesta loita, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de extinción e control da praga.

d) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata a poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certo desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de extinguila de aí que a formación específica do persoal que ten que eliminala é tan fundamental como necesaria.

e) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do verán para evitar un incremento do número de niños primarios para axudar no control de individuos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Comezar o trampeo en tempo; de febreiro a abril nas zonas máis cálidas e de marzo a maio no resto da comunidade.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2º) Afrontar o custe da compra de 50.000 trampas, máis o atraente necesario para que este mecanismo sexa efectivo.

3º) Facer unha campaña informativa e divulgativa de como utilizar os medios para a erradicación deste insecto.

4º) Establecer quen ou os que deben colocar as trampas para realizar o trampeo masivo.

5º) Dotar unha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación co fin de atopar e/ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie.

6º) Establecer axudas directas para facerlle fronte aos danos causados pola avésa asiática na cabana apícola.

7º) Abrir a comisión de seguimento aos representantes do sector apícola.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2017 17:52:03**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 29/11/2017 17:52:13**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/11/2017 18:23  
Nº Rexistro: 20971  
Data envío: 29/11/2017 18:23:31.735



Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2017 17:52:26**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

(0021634) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2017 18:05**  
**Nº Rexistro: 21634**  
Data envío: 18/12/2017 18:05:41.434

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada, **Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **20971 (10/PNP-001567)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo contra a avespa velutina, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento.

**Emenda de Substitución:**

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Seguir incidindo en 2018 nas medidas contra a Vespa Velutina tanto no que respecta ás labores de trampeo, aínda que sempre circunscritas ás recomendacións dos técnicos en base aos resultados das investigacións e estudos que se efectúen ao respecto; como na información que se traslada á cidadanía sobre esta especie invasora; a formación ofertada ao persoal implicado no control e na erradicación da praga e a investigación que sobre esta especie se está a levar a cabo.
- 2) Convocar unha reunión da Comisión de Seguimento coa participación, tal como acordou coas asociacións a Xunta no mes de xullo, da Xunta, Fegamp, sector apícola e investigadores.
- 3) Dirixirse ás Deputacións provinciais para convidalas a sumarse á loita que se está a desenvolver contra a Vespa Velutina para dende a coordinación de todas as administracións afectadas e os colectivos facer un fronte común que permita optimizar os recursos e as accións a implementar.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/12/2017 18:05  
**Nº Registro: 21634**  
Data envío: 18/12/2017 18:05:41.434

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/12/2017 18:04:46**

**Raquel Arias Rodríguez na data 18/12/2017 18:04:58**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



### **3.8 10/PNP-001570 (0021008)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo  
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avéspera velutina, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores

(0021008) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a vespa velutina.

#### **Exposición de Motivos.**

Como xa trasladamos noutras iniciativas presentadas, a vespa velutina *nigrithorax*, coñecida tamén como “tartago asiático” é unha especie invasora que leva instalada en Galicia dende o ano 2012 e que está a provocar numerosos efectos perxudiciais.

Representa unha clara ameaza cara a biodiversidade xa que despraza as especies autóctonas e provoca grandes danos. A situación vai empeorando a medida que pasa o tempo e temos que buscar medidas con carácter urxente, xa que, a situación actual non admite maior demora. Precisamos de todos os medios e recursos para frear o avance da vespa asiática.

A prevención debe ser unha das prioridades nesta loita e ademais é fundamental que todos os organismos estean coordinados e teñan un único espazo para pór en marcha as medidas precisas.

Enmarcada no ámbito da prevención, debemos impulsar máis decididamente a investigación. Temos que coñecer mellor a especie, o seu ciclo biolóxico, alimentación, comportamento e expansión para ter ferramentas máis útiles para crear mecanismos de control, especialmente de loita biolóxica. É preciso ademais





desenvolver estudos sobre o seu impacto nas colonias de abellas e no sector apícola, sobre novos métodos de contención e realizar unha avaliación da incidencia real da velutina nos sectores agrícolas e forestais.

En todas as épocas do ano debemos prestar especial atención a divulgación social e a formación de todas as persoas que participan no proceso de control da vespa, para o que resulta fundamental contar co conxunto da sociedade, posto que todavía existe moita desinformación, por exemplo, na distinción da especie vespa velutina doutro tipo de véspidos ibéricos, autóctonos.

Resulta imprescindible polo tanto incrementar a formación do persoal das asociacións de apicultores, das persoas das administracións competentes na xestión da problemática, dos axentes de medio rural, axentes forestais e de medio ambiente. Pensamos que é fundamental a coordinación entre os distintos actores implicados na loita contra esta especie e a procura de financiamento público para desenvolver novos estudos e investigacións sobre a vespa velutina e o seu impacto.

Asímesmo, ten que potenciarse o emprego e a extensión de trampas, que teñen demostrado a súa eficacia, polo que é necesario por en marcha un plan de trapeo primaveral masivo para a captura de raíñas fundadoras evitando así con cada captura a aparición dun niño secundario no verán, que pode conter entre 15.000 e 18.000 insectos de vespa velutina.

O trapeo ha de ser masivo para ser eficaz. Por isto hai que estendelo a zonas periurbanas e núcleos de poboación. E unha ferramenta preventiva que conta co respaldo de investigadores/as españoles e europeos como medida de control de poboacional, para reducir nun curto prazo o número de vespa velutina. As administracións públicas, tanto a Xunta coma os concellos deben implicarse decididamente nestas tarefas de control empregando o seu persoal dispoñible co obxecto de controlar eficazmente esta especie invasora.



Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1) Por en marcha un plan de choque para o control poboacional da vespa velutina, para o cal, xa no ano 2018, a Xunta de Galicia realizará as seguintes accións:

- a) Efectuar un trapeo masivo e coordinado en primavera, comezando en febreiro e distribuindo alomenos 50.000 trampas por todos os núcleos de poboación do país, tanto áreas periurbanas como aldeas e vilas, empregando persoal da Xunta como axentes forestais e medioambientais e en coordinación cos concellos.
- b) Efectuar un rexistro da colocación das trampas para telas identificadas e facer sondaxes e valoracións posteriores sobre a súa colocación.
- c) Facer unha campaña dirixida ao conxunto da sociedade acerca do trapeo, prestando especial atención aos centros educativos, que poden colaborar na labor de prevención.
- d) Aprobar unha partida orzamentaria específica para poder financiar esta campaña.

2) Por en marcha de maneira efectiva a comisión de seguimento e incorporar a esta a representantes do tecido asociativo apícola.



- 3) Abrir e potenciar liñas de investigación sobre o control da vespa velutina, atendendo a non duplicar as xa abertas por outras administracións.
- 4) Por en marcha un programa de formación específico para o persoal implicado no control e na erradicación da praga.
- 5) Mellorar a coordinación de todos os axentes implicados na loita contra a vespa velutina tanto en Galicia, a través da Comisión de Seguimento, como no conxunto do Estado español.
- 6) Abrir unha liña de axudas específica para axudar ós apicultores e ás apicultoras a paliar as perdas sufridas, tanto as derivadas da perda física de animais e colleita correlativa de mel, como os gastos derivados da xestión da praga.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo  
Davide Rodríguez Estévez  
Deputados do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:41:53**

**David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:42:01**



**Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:42:15**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/11/2017 17:48  
**Nº Registro: 21008**  
Data envío: 30/11/2017 17:48:05.144

## (0021635) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2017 18:05**  
**Nº Rexistro: 21635**  
Data envío: 18/12/2017 18:05:56.720

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada, **Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo de En Marea **21008 (10/PNP-001570)**, Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa velutina, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores.

### Emenda de Substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Seguir incidindo en 2018 nas medidas contra a Vespa Velutina tanto no que respecta ás labores de trampeo, aínda que sempre circunscritas ás recomendacións dos técnicos en base aos resultados das investigacións e estudos que se efectúen ao respecto; como na información que se traslada á cidadanía sobre esta especie invasora; a formación ofertada ao persoal implicado no control e na erradicación da praga e a investigación que sobre esta especie se está a levar a cabo.
- 2) Convocar unha reunión da Comisión de Seguimento coa participación, tal como acordou coas asociacións a Xunta no mes de xullo, da Xunta, Fegamp, sector apícola e investigadores.
- 3) Dirixirse ás Deputacións provinciais para convidalas a sumarse á loita que se está a desenvolver contra a Vespa Velutina para dende a coordinación de todas as administracións afectadas e os colectivos facer un fronte común que permita optimizar os recursos e as accións a implementar.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2017 18:05  
Nº Rexistro: 21635  
Data envío: 18/12/2017 18:05:56.720

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/12/2017 18:04:13**

**Raquel Arias Rodríguez na data 18/12/2017 18:04:29**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

